

O acordo que resolva sobre a ampliación de prazos teralle que ser notificado ao interesado e contra el non caberá ningún recurso».

7. «Artigo 92. Gradación das sancións.

1. Para a gradación do importe das sancións consideraranse, entre outros, os seguintes criterios:

a) A existencia e o grao de intencionalidade do suxeito infractor.

b) A categoría da empresa turística.

c) A reiteración nas condutas infractoras.

d) O incumprimento dos prazos e requisitos concedidos e comunicados para a reparación das deficiencias detectadas polos inspectores turísticos.

e) A reparación voluntaria, durante a tramitación do procedemento, dos danos, das anomalías e dos prexuízos causados.

f) Os prexuízos causados aos particulares.

g) O beneficio ilícito obtido.

h) A transcendencia social da infracción.

i) As repercusións negativas para o sector turístico e a imaxe turística de Galicia.

2. De conformidade cos criterios establecidos anteriormente, as sancións poderanse impoñer nos seus graos mínimo, medio e máximo».

8. «Artigo 93.2 e 3.

2. Nos casos de infraccións graves ou moi graves, poderanse impoñer como sancións accesorias as seguintes:

a) Suspensión da actividade turística ou do exercicio profesional.

No caso de que se produza reiteración de infraccións graves e cando a comisión dunha infracción cualificada como grave supoña un notorio prexuízo para a imaxe turística de Galicia, un desprestixio da profesión turística ou un dano irreparable para a usuaria ou o usuario, poderase impoñer, ademais, unha sanción de ata seis meses de suspensión da actividade ou do exercicio profesional.

No caso de que se produzan infraccións moi graves, a sanción de suspensión para estes supostos poderá ser de seis meses e un día a un ano.

b) Clausura definitiva do establecemento ou revogación do correspondente título-licenza ou autorización para o exercicio da actividade.

Poderase acordar a imposición desta sanción, como accesoria á multa, nas infraccións moi graves que supoñan un notorio prexuízo para a imaxe turística de Galicia, un desprestixio evidente para a profesión ou danos irreparables ás usuarias ou os usuarios.

3. Non se considerará sanción o pechamento dos establecementos que estean desenvolvendo actividades turísticas sen contar coas autorizacións preceptivas.

A procedencia da antedita medida requirirá, para a súa válida adopción, a previa audiencia do interesado e prorrogarase ata a obtención da correspondente autorización sempre que esta se atopase en fase de tramitación».

9. «Artigo 98 (último parágrafo).

Interromperá o prazo de prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo de quedar este paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor».

Disposición derradeira

Única.-Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dous de novembro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Corrección de erros.-Orde do 30 de setembro de 2004 sobre avaliación, promoción e titulación na educación secundaria obrigatoria como consecuencia do disposto no Real decreto 1318/2004, do 28 de maio.

Advertido erro na Orde do 30 de setembro de 2004, publicada no DOG nº 206, do venres 22 de outubro de 2004, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 14.377, onde di:

4º con tres ou máis materias non superadas, deste curso ou dos anteriores, ou dúas non superadas que sexan matemáticas e lingua castelá, matemáticas e lingua galega ou lingua castelá e lingua galega, deste curso ou dos anteriores, sen estar repetindo curso	Repetición de 4º
--	------------------

Debe dicir:

4º con tres ou máis materias non superadas, deste curso ou dos anteriores, ou dúas non superadas que sexan matemáticas e lingua castelá, matemáticas e lingua galega ou lingua castelá e lingua galega, deste curso ou dos anteriores, sen estar repetindo curso	Repetición de 4º ou incorporación a un PDC dun ano, se o alumno ten 17
--	--

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 2 de novembro de 2004 pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 2 de marzo de 2004 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior ás universidades, ás empresas e organizacións empresariais, aos sindicatos e ás comunidades galegas no exterior e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2004.

O artigo 5 da Orde do 2 de marzo de 2004 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior ás universidades, ás empresas e organizacións empresariais, aos sindicatos e ás comunidades galegas no exterior, e pola que se convocan as correspondentes

ao ano 2004, dispón que unha vez ultimada a concesión de axudas, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación do beneficiario/a, contía, país de execución do proxecto e finalidade.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por resolución desta secretaría xeral para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior ás universidades, ás empresas e organizacións empresariais, aos sindicatos e ás comunidades galegas no exterior, por un importe global de setecentos corenta e nove mil novecentos sesenta e un euros (749.961,00 euros), nas contías, beneficiarios e aplicacións orzamentarias que se relacionan no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2004.

P.D. (Orde 2-3-2004)

Jesús Gamallo Aller

Secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior

ANEXO

Expediente	Entidade beneficiaria	Denominación proxecto	Subvención concedida	Distribución financeira	
				04.03.213B.490.0	04.03.213B.790.0
01/2004	<i>Devalar Consultoría Europea, S.L.</i>	Programa de apoio a ONGDS de pequeno e mediano tamaño en América Latina e O Caribe	59.000	59.000	
02/2004	<i>Devalar Consultoría Europea, S.L.</i>	Plan de educación ambiental para o municipio de Valle de S. José (Colombia)	59.964	45.784	14.180
03/2004	<i>Serviguide, S.L.</i>	Proxecto asistencia técnica para o desenvolvemento de sistemas de xestión de calidade ambiental e I+D (Cuba).	70.000	70.000	
04/2004	<i>Fundación Galicia Innova</i>	Proxecto asistencia técnica para o desenvolvemento, fortalecemento, instalación e transformación técnica no ámbito da calidade (Cuba)	70.000	70.000	
05/2004	<i>S.A. Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga)</i>	Proxecto de implantación dun simulador virtual en industrias lácteas en Perú	99.977	51.499	48.478
06/2004	Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia	Indaousmlal, construción centro de saúde (Marruecos)	60.000		60.000
07/2004	Unións Agrarias-Upa	Consolidación do modelo agroecolóxico na provincia Abel Iturralde (Bolivia)	50.143	23.751	26.392
08/2004	Centro Gallego de Mar del Plata	Proxecto intervención social para a terceira idade en Mar del Plata (Argentina).	8.966	8.966	
09/2004	<i>Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescado y Mariscos (An)</i>	Desenvolvemento produtivo empresarial a través da creación, peixarías en poboación de baixos ingresos do Perú	59.770	49.770	10.000
10/2004	Centro Gallego de Buenos Aires	Programa de atención social para maiores da zona centro da capital federal (Argentina)	40.983	40.983	
11/2004	<i>Centro Gallego Jubilados y Pensionado Avellaneda</i>	Proxecto de atención socio-sanitaria para a poboación maior de Avellaneda (Argentina)	4.311	4.311	
12/2004	<i>Asociación Centro Partido Carballiño</i>	Programa intervención socio-sanitaria para a terceira idade (Argentina)	20.739	20.739	